
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/66-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DA ILLA DE AROUSA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE ALGAS
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA

Especies	<i>Undaria pinnatifida, Ulva rigida, Sargassum muticum</i>
Ambito do plan	De Sapeiras de Terra a punta Quilme, no sentido das agullas do reló e Areoso. A inclusión das zonas ubicadas no complexo intermareal Umia-O Grove está supeditada ao informe da Consellería do Medio Rural.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/habilitación
	9	27
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
		Novos permisos
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
	9	27

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	40											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de maio e xuño											
Modalidade⁽³⁾	mergullo en apnea											
xan	feb	mar	abril	Maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
				X	X							

Topes de captura		
Especies	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Algas	150 kg de cada especie	50 kg de cada especie

Artes a empregar	Mergullo en apnea
-------------------------	-------------------

Puntos de control	Areoso, Arnela, Roncadeiras, Concerrado e Lonxa de A Illa
--------------------------	---

Puntos de venda	Lonxa de A Illa de Arousa.
------------------------	----------------------------

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas												
Zonas:												



Consideracións

Por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños de data 13.05.2008 autorizouse un plan experimental para a extracción de algas á confraría de pescadores de A Illa de Arousa, para a zona de Sapeiras de Terra a Punta Quilme (no sentido das agullas do reló) nos meses de maio e xuño de 2008. O plan aprobado non tivo actividade durante o presente ano. Para o ano 2009, novamente volveu a aprobarse un plan experimental para a mesma zona para un total de 17 días no mes de xullo, que tampouco se desenvolveu.

Avaliación do recurso:

En marzo de 2009 a entidade solicitou a colaboración dos biólogos de zona para realizar unha mostraxe prospectiva deste recurso. A mostraxe foi realizada en dúas fases. A primeira consistiu en detectar as posibles zonas de extracción de algas potencialmente explotables. A segunda fase consistiu en determinar a cantidade de biomasa explotable nas zonas detectadas. Tendo en conta os resultados acadados, cabería a posibilidade de que a extracción se pudesese desenvolver durante 2 meses ao ano.

Ambito do plan: De Sapeiras de Terra a punta Quilme, no sentido das agullas do reló e Areoso. A inclusión das zonas ubicadas no complexo intermareal Umia-O Grove (concretamente O Carreirón) está supeditada ao informe da Consellería do Medio Rural e que, na data de elaboración desta ficha, non foi emitido.

Participantes: o número máximo de embarcación que poderían desenvolver a actividade é de 9 cun total de 27 tripulantes con cota de captura.

Da relación de participantes que figuran no plan: 9 embarcacións e 27 tripulantes (topes de captura), todas elas incluídas no plan de navalla e algunhas delas, nos plan doutros recursos específicos. A explotación de algas podería servir para diversificar o esforzo pesqueiro na explotación da navalla, e a maiores de aproveitar a época de desove para continuar coa actividade. Todas estas embarcacións contan no seu permiso con 5 artes e ningunha delas conta coa modalidade de “algas”.

Tampouco existe ningunha embarcación asociada á confraría da Illa de Arousa que conte coa modalidade de algas no seu permiso.

Polo tanto, a selección de embarcacións candidatas para a obtención desta modalidade farase aplicando o baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

No apartado 4.3 do plan, a entidade propón que as embarcacións que conta no seu permiso con 5 arts podan renunciar a unha delas unicamente durante a vixencia do plan, e unha vez renunciado poderán recuperar a arte de xeito automático. Dita proposta non é posible aceptala xa que estamos a falar da concesión **con carácter definitivo** da modalidade de algas e o seu outorgamento faise no marco dun plan de explotación con carácter anual e que é lóxico pensar terá continuidade ao longo do tempo. Así pois, as embarcacións que resulten seleccionadas e contan con cinco artes no seu permiso, con carácter previo, ao outorgamento da modalidade de algas deberá renunciar a unha delas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Calendario de extracción: 40 días nos meses de maio e xuño

Cotas máximas de captura (para cada especie): 50 kg/tripulante-habilitación enrolado e a bordo/día ata un máximo de 150 kg/embarcación/día.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se **remitidos regularmente á delegación correspondente**, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Actividade de mergullo:

O informe sobre a actividade de mergullo deberá emitirse unha vez concedidos os novos permisos para a modalidade de algas.